



Concello de TABOADA

Praza do Xeneral Muínelo s/n
27.550 Taboada - Lugo
Teléfono: 982 46 53 01. Fax: 982 46 50 89
e-mail: concello.taboada@eidolocal.es

BASES XERAIS DA CONVOCATORIA PARA A COBERTURA MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN DE 1 PRAZA PARA A ÁREA DE DEPORTES DO CONCELLO DE TABOADA: 1 PRAZA DE MONITOR DE OCIO E TEMPO LIBRE. PERSOAL LABORAL TEMPORAL. XORNADA DO 50%. DURACIÓN DO CONTRATO: 2 MESES.

PRIMEIRO. Normas xerais

O obxecto das presentes bases é a selección mediante concurso-oposición de 1 praza de monitor de ocio e tempo libre para a área de deportes do Concello de Taboada, en réxime de persoal laboral temporal, mediante concurso - oposición, e anunciando a convocatoria no diario El Progreso e no Taboleiro de Anuncios do Concello de Taboada.

A habilitación para dar cobertura ao referido posto é a que figura na "declaración municipal de sectores /servizos prioritarios e esenciais para o exercicio 2016 ", (acordo do Pleno Municipal do 22 de decembro de 2015).

O posto referido está adscrito ao Concello de Taboada, área de deportes, e as funcións son as seguintes: funcións: organizar e dinamizar as actividades no tempo libre educativo infantil e xuvenil, empregar técnicas e recursos educativos de animación en tempo libre e, así como aquelas outras funcións que lle encomende o concelleiro delegado de área.

Ao presente concurso-oposición será de aplicación o previsto na Lei 2/2015 do 29 de abril do Emprego público de Galicia, nos artigos 177 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local; artigos 91 y 103 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local; o Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado público, o Real Decreto 364/1995, de 10 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Réxime Disciplinario dos funcionarios da Administración do Estado.

SEGUNDO. Modalidade e duración do contrato e salario.

A modalidade do contrato é obra ou servizo determinado

A xornada de traballo será de 20 horas semanais, de luns a venres. (50% da xornada completa) en horario de 10 a 14 horas..

Duración do contrato: 2 meses.

Retribucións: 382,20 euros brutos ao mes, inclúe o rateo da paga extra.

TERCEIRO. Condicións de admisión de aspirantes

Para formar parte nas probas de selección, será necesario:



- a) Ter nacionalidade española ou algunha outra que, de acordo ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, permita o acceso ao emprego público.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- c) Ter cumpridos o dezaseis anos e non exceder, de ser o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin encontrarse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa fose separada ou inhabilitada. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público. Non estar condenado mediante sentenza firme por delitos de índole sexual en cumprimento da Lei Orgánica 1/1996, de Protección Xurídica do Menor, modificada pola Lei 26/2015 e a Lei 45/2015, de voluntariado establecen a obrigaición de que se acheguen certificados negativos do Rexistro Central de Delinquentes Sexuais para todos os profesionais e voluntarios que traballan en contacto habitual con menores.
- e) Non padecer enfermidade nin defecto físico ou psíquico incompatible co normal desenrolo das súas funcións.
- f) Posuír o título de monitor de ocio e tempo libre.
- g) Posuír o certificado de Celga 2, equivalente ou superior, debidamente homologado polo órgano competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia, ou obter a calificación de apto na proba de galego que forma parte da fase de oposición.

Os anteriores requisitos e os específicos que se esixen para a praza deben reunirse con referencia ao último día de prazo de presentación de solicitudes, debendo continuar na súa posesión durante todo o proceso selectivo.

- h) Non estar condenado mediante sentenza firme por delitos de índole sexual.

CUARTO. Forma e prazo de presentación de solicitudes

As solicitudes, requirindo tomar parte nas correspondentes probas de acceso nas que os aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases xerais para a praza que se opte, dirixiranse ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Taboada, e presentaranse no rexistro de entrada deste Concello ou ben mediante o procedemento que regula o artigo 38.4 da Lei 30/1992, no prazo de cinco días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no *diario El Progreso*.

O anuncio publicarase tamén no Taboleiro de Anuncios do Concello.

A solicitude deberá ir acompañada por:

- a) Solicitude de participación anexa a estas Bases.
- b) Fotocopia de DNI.



- c) Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social.
- d) Titulación a cal da acceso a convocatoria.
- e) Certificado de celga 2, equivalente ou superior.
- f) Documentación xustificativa dos méritos alegados, incluíndo a vida laboral e copia dos contratos.
- g) Declaración formal, baixo xuramento, ou promesa, de non ter sido separado mediante expediente disciplinario, do servizo das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas e de non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determinen a lexislación vixente.
- h) Declaración formal, baixo xuramento, ou promesa, de non padecer enfermidade nin defecto físico ou psíquico incompatible co normal desenrolo das súas funcións.
- i) Certificado ou declaración baixo xuramento de non estar condenado mediante sentenza firme por delitos de índole sexual.

A compulsa da anterior documentación deberaa facer o aspirante que resulte seleccionado.

Os aspirantes quedan vinculados aos datos que fixeran constar nas súas solicitudes, podendo demandar unicamente a súa modificación, mediante escrito motivado dentro do prazo de presentación de instancias de solicitude, establecido nas presentes bases.

QUINTO. Admisión de aspirantes

Expirado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución no prazo de 2 días, coa lista provisional de admitidos e excluídos. Na resolución, que se publicará no Taboleiro de anuncios do Concello, farase constar a causa da exclusión e concederáse un prazo de 2 días hábiles para subsanación. Na mesma publicación transcorrido o prazo de subsanación, aprobaráse a lista de aspirantes admitidos con carácter definitivo, publicándose o anuncio no Taboleiro de Anuncios do Concello. No mesmo anuncio farase constar a designación nominal do Tribunal, así como a citación dos aspirantes para a realización da fase de oposición, sinalando lugar e hora.

As alegacións presentadas serán resoltas no prazo de 10 días dende a finalización do prazo para a presentación. Transcorrido dito prazo sen que se ditara resolución algunha, as alegacións entenderanse desestimadas.

SEXTO. Tribunal cualificador

De acordo co establecido no artigo 59 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, en relación co artigo 60 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e de paridade entre mulleres e homes no conxunto das convocatorias da oferta de emprego público respectiva.



En ningún caso poden formar parte dos órganos de selección o persoal de elección ou de designación política, persoal funcionario interino ou laboral temporal, o persoal eventual, nin as persoas que nos sete anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ningún.

Os Tribunais Cualificadores estarán constituídos por:

- Presidente.
- Secretario.
- Vogais que determine a convocatoria.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade co artigo 28 e 29 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

SÉTIMO. Sistemas de selección e desenvolvemento dos procesos

PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

O procedemento de selección dos aspirantes constará de dúas fases: CONCURSO E OPOSICIÓN.

FASE DE CONCURSO: 8 puntos.

A) Méritos computables:

1.- Experiencia profesional: (ata un máximo de 4 puntos).

- Por cada ano traballado en calquera administración pública (mediante contrato de traballo que deberá aportarse copia e aparecer reflectido na Vida Laboral) en funcións similares as do posto obxecto da presente convocatoria: 0,08 puntos por mes traballado.
- Por cada ano traballado na empresa privada (mediante contrato de traballo que deberá aportarse copia e aparecer reflectido na Vida Laboral) en funcións similares as do posto obxecto da presente convocatoria: 0,04 puntos por mes traballado.

2.-Formación: (ata un máximo de 4 puntos)

- Por poseer el título licenciado ou equivalente 1,50 punto.
- Por poseer el título de diplomado ou equivalente 1,00 puntos.
- Masters relacionados co posto de traballo 0,75 puntos.

Participación en cursos o xornadas.- sempre que teñan relación directa coas actividades a desenvolver no posto de traballo ao que se opta: (ata un máximo de 1 puntos)



Concello de TABOADA

Praza do Xeneral Muínelo s/n
27.550 Taboada - Lugo
Teléfono: 982 46 53 01. Fax: 982 46 50 89
e-mail: concello.taboada@eidolocal.es

- Cursos de máis de 100 horas 0,50 puntos.
- Cursos de entre 50-100 horas 0,40 puntos/curs
- Cursos de entre 20 - 50 horas 0,20 puntos/curso
- Cursos de menos de 20 horas 0,10 puntos/curso

A formación dos traballadores acreditarase mediante a presentación de copia dos certificados acreditativos de ter realizada a acción formativa, na que conste o número de horas de formación realizada. No suposto de que non conste o número de horas de acción formativa entenderase que teñen unha duración inferior a 20 horas e puntuarase con 0,10 puntos por curso.

FASE DE OPOSICIÓN: 12 puntos.

Consistirá na realización de dous exercicios que puntuarán como máximo 12 puntos, sendo cada un deles obrigatorio e eliminatorio.

O Primeiro exercicio consistirá en contestar por escrito a un exame tipo test de 30 preguntas e varias opcións de resposta onde soamente unha é válida. Cada resposta correcta outorga 0,30 puntos, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 4,5 puntos para superar a proba. As respostas en branco ou mal contestadas non restan sobre a puntuación total. **Puntuará como máximo 9 puntos.**

As preguntas versarán sobre os temas que se expoñen no Anexo I das presentes Bases.

O Segundo exercicio consistirá en contestar de forma oral un ou varios exercicios prácticos e /ou teórico prácticos propostos polo tribunal relacionadas co programa específico reflectido no anexo I que contén o temario da convocatoria. Valorarase a concreción, exactitude e a validez de resolución. O tribunal poderá dialogar e razoar co aspirante analizando o contido das súas respostas e relacionado dito contido con outros incluídos dentro do programa. Sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 1,5 puntos para superar a proba. **Puntuará como máximo 3 puntos.**

As preguntas versarán sobre os temas que se expoñen no Anexo I das presentes Bases.

Proba de galego:

Será obrigatorio a superación dun segundo exercicio, proba de galego para aqueles candidatos que non teñan acreditado xunto coa instancia de solicitude estar en posesión do certificado de Celga 2, equivalente ou superior.

Quedarán exentos da realización deste exercicio os aspirantes que coa instancia de solicitude presenten o certificado de Celga 2, equivalente ou superior, debidamente homologado polo órgano competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de conformidade co artigo 35 do Decreto legislativo 1/2008 do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da Función Pública de Galicia, modificado pola Lei 2/2009, do 23 de xuño.

Coa finalidade de cumprir co previsto no artigo 35 do Decreto legislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, este exercicio consistirá na tradución, sen dicionario, dun texto de castelán ao galego e/ou de galego a castelán, nun tempo máximo de 30 minutos.



Este exercicio valorarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto, correspondéndolle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar o resultado de **apto**.

OITAVO Cualificación

A fase de concurso ten unha puntuación máxima de 8 puntos.

A fase de oposición ten unha puntuación máxima de 12 puntos, sendo necesario obter un 6 para superala.

A cualificación final está composta pola puntuación acadada na fase de concurso máis a puntuación acadada polos aspirantes que superan a fase de oposición (aqueles que obteñan un 6 ou máis de 6).

Os candidatos que non superen a fase de oposición resultarán directamente Non Aptos.

No caso de empate:

Realizarase unha entrevista persoal curricular.

NOVENO. Relación de aprobados, presentación de documentos e formalización do contrato

Concluídas as probas, elevarase ao órgano competente proposta de candidatos para a formalización dos contratos, que en ningún caso poderá exceder do número de prazas convocadas. Calquera proposta de aprobados que contraveña o anteriormente establecido será nula de pleno dereito.

O órgano competente procederá á formalización dos contratos previa xustificación das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.

DÉCIMA. Incidencias

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Así mesmo, a xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a xurisdición social.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polo interesados recurso de reposición no prazo dun mes ante a Alcaldía, previo ao contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o xulgado do contencioso-administrativo de Lugo, a partires do día seguinte ao da publicación do anuncio da Convocatoria no diario El Progreso.

Publíquese esta convocatoria de probas selectivas e a remisión ás súas correspondentes bases no Taboleiro de Anuncios do Concello de Taboada.

No non previsto nas bases será de aplicación a Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local; o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo




Concello de TABOADA

Praza do Xeneral Muínelo s/n
27.550 Taboada - Lugo
Teléfono: 982 46 53 01. Fax: 982 46 50 89
e-mail: concello.taboada@eidolocal.es

Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril; e no Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, así como as normas aplicables ao persoal laboral contidas no Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, do emprego público de Galicia.

En Taboada a 15 de xuño de 2016.

O Alcalde,



Asdo.: Ramiro Moure Ansoar.



Concello de TABOADA

Praza do Xeneral Muínelo s/n
27.550 Taboada - Lugo
Teléfono: 982 46 53 01. Fax: 982 46 50 89
e-mail: concello.taboada@eidolocal.es

ANEXO I

Temario.

Tema 1.- Breve idea da Constitución Española de 1978. Estrutura. Principios Xerais. Dereitos e Deberes Fundamentais.

Tema 2.- Organización Municipal: Alcalde, Pleno e Xunta de Goberno Local.

Tema 3.- Valoración dos centros de interese ou eixes de animación na aplicación das técnicas e recursos de animación.

Tema 4.- Técnicas de animación, expresión e creatividade.

Tema 5.- Técnicas pedagóxicas do xogo.

Tema 6.- Técnicas de educación ambiental.



Concello de TABOADA

Praza do Xeneral Muínelo s/n
27.550 Taboada - Lugo
Teléfono: 982 46 53 01. Fax: 982 46 50 89
e-mail: concello.taboada@eidolocal.es

ANEXO II

CONCELLO DE TABOADA

I.- DATOS DA PRAZA Á QUE ME PRESENTO:

- DENOMINACIÓN:
- RÉGIME XURÍDICO: PERSOAL LABORAL TEMPORAL

II.- DATOS PERSOAIS:

PRIMEIRO APELIDO:	SEGUNDO APELIDO:	NOME:
DNI.:	TELÉFONO FIXO: MÓBIL:	
DOMICILIO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:	MUNICIPIO: PROVINCIA:	CÓD. POSTAL:

III.- MANIFESTO: que sendo coñecedor da convocatoria para cubrir de maneira temporal a praza monitor de ocio e tempo libre por:

- Publicación no xornal El Progreso, ou tableiro de anuncios do Concello de Taboada

IV.- DECLARO: Que acepto as bases e que son certos os datos consignados na presente instancia de solicitude e que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria.

V.- SOLICITO:

Teña por presentada a presente instancia de solicitude dentro do prazo conferido ao efecto, sexa admitido fin de participar no proceso selectivo de concurso- oposición para a provisión de ditos postos, para o que presento e asino a presente solicitude.

Taboada, de de 2016.

(Asinado)



Concello de TABOADA

Praza do Xeneral Muínelo s/n
27.550 Taboada - Lugo
Teléfono: 982 46 53 01. Fax: 982 46 50 89
e-mail: concello.taboada@eidolocal.es

Xúntanse os seguintes documentos:

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....